

A close-up photograph of a hand holding a stack of gold coins. The hand is positioned at the top of the frame, with fingers gently gripping the stack. The coins are stacked vertically, and the background is a dark, textured surface. The overall image conveys a sense of value, money, and financial matters.

te

traballadores/as do ensino

CCOO

ensino

# 2023

# RETRIBUCIÓN

**PERSOAL LABORAL  
FUNCIONARI@S NON DOCENTES**

[www.ccooensino.gal](http://www.ccooensino.gal)

*Actualizado a outubro 2023!*

# te

**CCOO**  
ensino

traballadores/as do ensino



---

## ■ editorial

CCOO consegue acordos de subidas salariais mesmo en época de crise, goberne quen goberne 3

---

Retribucións 2023 do persoal funcionario, descontos 4

Complementos do persoal PAS funcionario 5

Retribucións 2023 do persoal laboral, complementos salariais, por que é importante afiliarme? 6

Desenvolvemento da carreira profesional 7

---

## CCOO consegue acordos de subidas salariais mesmo en época de crise, governe quen governe

Despois da nosa oposición ao incremento unilateral do 2 % para 2022 decretado polo Goberno, iniciamos un proceso de mobilizacións que culminou cunha concentración nas portas do Congreso dos Deputados durante o debate do estado da nación o 14 de xullo de 2022. Logramos que se abriera un proceso de negociación das condicións salariais das e dos empregados públicos, que culminou cun acordo para o período 2022/24 e que supón un incremento final do 9,8 % acumulado:

	2022	2023	2024	Total
<b>Acordo</b>	3,5%	2,5% + 1% (*)	2% + 0,5% (**)	8% + 1,5%

(\*) 0,5 % variable IPC e 0,5 % variable PIB.

(\*\*) 0,5 % variable IPC.

Cobramos atrasos correspondentes ao 1,5 % dende xaneiro na nómina de novembro de 2022 e actualizouse a nómina de decembro co incremento do 1,5 % consolidable.

Xa en 2023, na nómina de xaneiro tivemos un incremento do 2,5 %. Na nómina de novembro, consolidouse un 0,5 % adicional, que estaba condicionado á suba do IPC. Estamos á espera doutro 0,5 % retroactivo, se o PIB nominal chega ao 2,1 %, en xaneiro de 2024. Segundo as últimas previsións de varias entidades como a OCDE, a AIREF ou o Banco de España, esta cifra vaise alcanzar.

Os acordos asinados por CCOO seguen permitindo mellorar o noso salario. Lonxe quedan as premonicións dalgunha organización sindical que dicía que o IPC de 2022 estaría por encima do 10 %. A realidade é teimuda e o ano anterior pechou cun IPC de 6,4 %. O incremento salarial dos anos 2022 e 2023 vai ser de máis dun 7 %.

Para 2024 o incremento será dun 2,5 %. A inestabilidade política podería levar a unha prórroga orzamentaria e, polo tanto, á conxelación salarial. No entanto, **o acordo asinado por CCOO compromete as subas fixadas ao Goberno futuro**, aínda mantendo un contexto de incerteza económica.

Estamos nunha situación de crise económica, con subas de prezos de bens e subministracións básicas. Aínda así, conseguimos que o Goberno asinara un acordo, que se aplica con carácter retroactivo por primeira vez na nosa historia: logramos mitigar a perda de capacidade de compra en 2022 e non perder en 2023 e 2024. Convén lembrar que, nas anteriores crises, as medidas do Goberno foron no sentido contrario: redución e/ou conxelación salarial aos empregados e empregadas públicos/as.

**CCOO Ensino traballa por un sindicalismo útil, acadando melloras.**



### Retribucións mensuais. Persoal funcionario

Grupo	Retribucións mensuais		Paga extra xuño e decembro	
	Soldo	Trienio	Soldo	Trienio
A1	1294,60 €	49,83 €	798,88 €	30,76 €
A2	1119,42 €	40,64 €	816,41 €	29,63 €
B	978,52 €	35,65 €	845,73 €	30,83 €
C1	840,50 €	30,76 €	726,44 €	26,56 €
C2	699,52 €	20,94 €	693,15 €	20,72 €
E e AP (*)	640,25 €	15,76 €	640,25 €	15,76 €

(\*) AP: Agrupacións Profesionais.

### Descostos

Concepto	Grupo A1	Grupo A2	Grupo B	Grupo C1	Grupo C2	Grupo E e AP
Pasivos	118,04 €	92,90 €	81,35 €	71,35 €	56,45 €	48,13 €
MUFACE	51,68 €	40,68 €	35,62 €	31,24 €	24,72 €	21,07 €
Retencións IRPF	Cálculo individualizado, en función da situación de cadaquén.					



## Complementos. Persoal PAS funcionario

Nivel	Complemento de destino		Complemento específico (14 pagas)	
	Mensual		Mensual	
30		1130,83 €		1753,36 €
29		1014,30 €		1542,95 €
28		971,68 €		<b>28A</b> 1332,51 €
			<b>28B</b> 1217,68 €	
27		928,99 €		1158,20 €
26		815,04 €		1098,71 €
25		723,11 €		981,83 €
24		680,45 €		888,28 €
23		637,85 €		806,46 €
22		595,15 €		724,62 €
21		552,57 €		658,19 €
20		513,28 €	591,76 €	(*) 584,36 €
19		487,09 €		564,65 €
18		460,87 €		537,59 €
17		434,65 €		529,59 €
16		408,50 €	521,62 €	(*) 514,21 €
15	382,24 €	AP (**) 398,29 €		509,93 €
14	356,08 €	AP (**) 371,03 €	498,22 €	(*) 490,82 €
				AP (**) 513,77 €
13	329,84 €	AP (**) 343,66 €		486,53 €
12	303,61 €	AP (**) 316,35 €	474,85 €	AP (**) 489,69 €
11	277,39 €	AP (**) 289,04 €		463,16 €
10	251,21 €	AP (**) 261,74 €	451,45 €	AP (**) 465,57 €

(\*) O Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de decembro de 2009 non se aplica ao persoal de niveis 14, 16 e 20 que teña un complemento específico superior, acadado mediante acordos anteriores.

(\*\*) Agrupacións Profesionais. Real Decreto Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.



**Afíliate! É esencial.**

[www.ccooensino.gal](http://www.ccooensino.gal)

### Retribucións mensuais. Persoal laboral

Grupo	Retribucións mensuais	Contía adicional paga extra equivalente ao c. destino (*)	Contía adicional paga extra equivalente ao c. específico
Grupo I	2084,59 €	513,28 €	572,60 €
Grupo II	1740,44 €	408,50 €	504,72 €
Grupo III (cat. 1 a 59)	1462,22 €	408,50 €	504,72 €
Grupo III (cat. 60 en adiante)	1397,43 €	356,08 €	482,07 €
Grupo IV	1184,13 €	303,61 €	459,48 €
Grupo V	1061,35 €	251,21 €	436,82 €

(\*) Art. 12.1 da Lei 16/2008, de 23 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2009.

### Complementos salariais

Trienio	33,31 €
Especial dedicación	48,83 €
Complemento de perigosidade	91,69 €
Complemento de toxicidade	91,69 €
Complemento de penosidade	91,69 €
Complemento de dispoñibilidade horaria	458,48 €
Complemento de funcións	180,73 €

### ■ POR QUE É IMPORTANTE AFILIARME?

O traballo que os/as representantes sindicais levamos a cabo nas diferentes mesas de negociación é posible grazas ao apoio da afiliación. O teu apoio é a nosa forza. As cotas de afiliación son a principal achega para o mantemento dunha acción sindical autónoma. Ademais, podes desgravalas na declaración da renda.

Como afiliado/a, tamén poderás beneficiarte doutros servizos da máxima calidade e fiabilidade, como por exemplo:

- Asesoramento laboral e administrativo específico.
- Asesoramento xurídico e profesional; tramitación de recursos.
- Atención personalizada de forma presencial, telefónica, por redes sociais ou por mensaxería e correo electrónico.
- Actividades de formación permanente, homologadas pola Xunta de Galicia, presenciais e en liña, válidas para concurso de traslados e sexenios.
- Envío persoal de publicacións estatais e autonómicas.
- Información sindical actualizada sobre mesas de negociación, xuntas de persoal, etc.

Por todo isto é importante que te afilies a CCOO. **Faite escoitar e colabora na elaboración das propostas para defender os teus dereitos e mellorar as túas condicións laborais.**

## DESENVOLVEMENTO DA CARREIRA PROFESIONAL

No Acordo de Concertación de Emprego Público de Galicia, asinado o 15 de xaneiro de 2019 por CCOO, establécese un sistema de carreira profesional para o persoal funcionario e laboral.

No DOG do 28 de novembro de 2022 publicáronse os acordos de desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa e complemento de desempeño de posto de traballo para o persoal da Xunta de Galicia. Estes acordos, asinados por CCOO, desenvólvense en dúas Ordes, do 22 de novembro de 2022, unha para o persoal funcionario e outra para o persoal laboral.

En función dos acordos, o complemento será cobrado con efecto retroactivo dende xaneiro do 2022, comezando cun 60 % en 2022 e aumentando ata o 80 % en 2023. En xaneiro de 2024 alcanzase o 100 % do complemento, e abrírase o prazo para solicitar un novo grao de carreira profesional.

A evolución dos cobros pode ser observada na seguinte táboa (cantidades mensuais):



### Evolución do cobro da carreira profesional. Persoal funcionario e laboral. Cantidades mensuais

Grao I-II	A1 / Grupo I	A2 / Grupo II	B	C1 / Grupo III	C2 / Grupo IV	AP / Grupo V
2022 (60%) *	134,52 €	94,23 €	67,15 €	60,76 €	51,58 €	41,67 €
2023 (80%) **	180,38 €	126,24 €	89,95 €	81,41 €	69,10 €	55,84 €
2024 (100%) ***	225,47 €	157,80 €	112,44 €	101,76 €	86,37 €	69,80 €

\* Cantidades percibidas con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2022.

\*\* Actualizado coa suba do 0,5% de novembro de 2023. Está pendente o incremento variable do 0,5 % en función do PIB.

\*\*\* Actualizado coa suba do 0,5% de novembro de 2023. Haberá que aplicar o incremento futuro do exercicio de 2024.



### **Santiago de Compostela**

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 - 1.º  
981 551 826  
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

### **A Coruña**

Avda. Alfonso Molina, km 2, 3.º  
981 145 895  
scensino.coru@galicia.ccoo.es

### **Lugo**

Rolda da Muralla, 58 - 4.º  
982 221 060  
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

### **Pontevedra**

Rúa Pasantería, 1 - 2.º  
986 866 276  
scensino.pont@galicia.ccoo.es

### **Ferrol**

Rúa María, 42-44, 3.º  
981 369 336  
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

### **Ourense**

Parque San Lázaro, 12 - 3.º  
988 392 256  
scensino.oure@galicia.ccoo.es

### **Vigo**

Rúa das Teixugueiras, 11 Entrechán  
986 246 847  
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

### **O Barco**

Praza do Concello, 2 - 1.º  
988 322 034  
scensino.oure@galicia.ccoo.es

### **Monforte**

Roberto Baamonde s/n  
982 401 518  
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

# **DEFENDER O DEREITO A UN TRABALLO DECENTE**

**REIVINDICAR EMPREGOS  
ESTABLES E MELLORES  
CONDICIÓN LABORAIS  
PARA AS TRABALLADORAS  
E OS TRABALLADORES QUE  
DESENVOLVEN  
O SEU LABOR NOS  
CENTROS EDUCATIVOS**



*O poder de cambiar as cousas*